

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE XULLO DE 2017 POLA QUE SE RESOLVE
A CONCESIÓN DO V PREMIO DE CREACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS
DOCENTES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
ANTONIA FERRÍN MOREIRAS**

De conformidade co establecido na resolución reitoral do 22/03/2017 pola que se convocou o V Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo ANTONIA FERRÍN MOREIRAS co obxectivo de axudar á introdución da perspectiva de xénero na docencia, de acordo coa acta do xurado nomeado para a súa resolución e en virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Conceder os seguintes premios:

Primeiro premio: deserto

Accésit: «**Mulleres na Economía. Contribucións das mulleres á análise económica. Séculos XVIII, XIX e XX**»

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 21 de xullo de 2017

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo o vinte e un de xullo de dous mil dezasete.

Vigo, 21 de xullo de 2017
A directora da Unidade de Igualdade

Ana Isabel González Penín

